



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN PACO LAREO PARA A REHABILITACIÓN DA CUBERTA DO "MUSEIÑO" DA FUNDACIÓN PACO LAREO.

En Santiago de Compostela,

02 NOV. 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro de 2016, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Carmen Lareo Morao, na súa calidade de presidenta da Fundación Paco Lareo A solaina de Piloño (en adiante Fundación), con CIF G36243764, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo con establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Xunta de Galicia ven desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura. Pretende defender e promocionar os valores culturais do pobo galego, actuando no fomento e promoción da cultura, e na protección, conservación e difusión do patrimonio cultural.

Para isto desenvólense mecanismos de promoción e difusión cultural que buscan, por un lado, apoiar a distribución e estimular o consumo de bens, servizos e produtos culturais galegos dentro e fóra das nosas fronteiras e, paralelamente, buscan incentivar a presenza,



XUNTA DE GALICIA

galicia

a participación e a diversificación de públicos e garantir o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da nosa cidadanía.

SEGUNDO.- a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro dos ámbitos da súa competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto accións de fomento da cultura galega.

TERCEIRO.- A Fundación Paco Lareo A Solaina de Piloño ten previsto levar a cabo unha restauración da cuberta do edificio coñecido como “o museiño”, icono da imaxe da fundación. O museo foi creado por un dos artistas máis significativos da comarca do Deza, o pintor, escultor e escritor Francisco Lareo Morao, que puxo en marcha o proxecto como unha iniciativa de dinamización sociocultural. Trátase dun espazo dinamizador da cultural rural durante décadas gracias ao empeño persoal do propio artista.

Coa rehabilitación que pretenden levar a cabo conseguírase a funcionalidade necesaria para poder seguir levando a cabo os programas culturais e os talleres de pintura, artesanía, plásticas, literarios, musicais e de teatro, actos culturais e artesanais de toda índole, nun espazo restaurado coas técnicas de bioconstrución tal e como a edificación e o entorno rural que o envolve se merece.

O obxectivo xeral é o de alcanzar un centro profesionalizado para dar mellores e máis amplos servizos mellorando a calidade de vida dos cidadáns do noso rural.

A Fundación consegue que se acheguen á parroquia de Vila de Cruces, de tan solo uns 370 habitantes, cantidade de turistas e visitantes que acoden aos encontros literarios, de teatro, concertos de música e obradoiros galegos e internacionais que se realizan na fundación; tamén multitude de colexios procedentes de toda Galicia se achegan á fundación para facer actividades de pintura e para coñecer a fundación.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

Este convenio ten por obxecto a restauración da cuberta do edificio da fundación coñecido como “o museiño”, icono e imaxe da fundación, ao tratarse das primeiras edificacións dedicadas á cultura na mesma. Trátase dunha casa centenaria, na que se aproveitarán os materiais antigos e a estrutura construtiva.



XUNTA DE GALICIA

galicia

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a entregarlle á Fundación Paco Lareo A Solaiña de Piloño a cantidade total de 14.995,53 €, IVE incluído, como contribución para a realización das obras.

O obxectivo xeral é o de alcanzar un centro profesionalizado para dar mellores e máis amplos servizos, mellorando a calidade de vida dos cidadáns do noso rural.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas como a que acontece coa Fundación Paco Lareo a Solaiña de Piloño, única tanto polas características das exposicións permanentes que existen na mesma, como polas actividades que alí se realizan, converténdose nun referente único en canto á cultura, ao arte, a música e as tradicións.

Por todo o anterior é a Fundación Paco Lareo onde perdura o legado do artista a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación

A Fundación comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.





XUNTA DE GALICIA

galicia

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Fundación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar a cantidade de 14.995,53 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1, dos



XUNTA DE GALICIA

galicia

orxamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, código de proxecto 2015 00372.

Esta cantidade, 14.995,53 € trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderán concederse anticipos ata o 50% do importe da subvención concedida, que neste caso será de 7.497,77 € como máximo.

A Fundación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvención, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 11.996,42 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

CUARTA.- Xustificación dos gastos

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 20 de decembro de 2017.





XUNTA DE GALICIA

galicia

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite de 20 de decembro de 2017 e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actuación, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- Acta de recepción.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2017, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.





XUNTA DE GALICIA

galicia

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e pola presidenta da Fundación.

SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que





introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





XUNTA DE GALICIA

galicia

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A presidenta da Fundación Paco Lareo A Solaina de Piloño



Román Rodríguez González



Carmen Lareo Morao.